

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XUÑO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de xuño de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICA.- Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta do Goberno Local do 29-03-2023, polo que se denega a licenza para a legalización de alpendres de vacún e silo forraxeiro na parcela e ampliación de corte e foxa de xurro, en Galegos, número 3, Santiago de Saa (exp. 2023/P014/000029).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para a instalación de ascensor en edificio de vivendas de dúas plantas soto, planta baixa, tres plantas altas e baixocuberta, sito na rúa Montero Ríos, número 14 (exp. 2022/Y001/000224); para acondicionamento interior de zona sen uso en almacén de materiais de construción na rúa da Industria, parcela 89 (exp. 2022/Y001/000323); para segregación de parcelas para vivendas unifamiliares illadas na parcela 34B do Sunp Norte I, (Saamasas) (exp. 2022/Y005/000010) e para a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar e demolición dos alpendres 1, 3, 4 e 5, no núcleo rural 40.3 cruceiro, parroquia de Pías (exp. 2021/Y001/000306).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación definitiva do "Proyecto de obras ordinarias de acceso a edificación rúa San Isidro Labrador - rúa Túnel de Oural. Lugo". PO-223.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación para o patrocinio publicitario con motivo da celebración no Concello de Lugo do Festival Caudal Fest 2023 e a apertura do procedemento de contratación. Exp. con ref. 2023/C005/000002.

Acórdase a prórroga na contratación da subministración de papel para fotocopiadoras e impresoras. Exp. ref. 2022/C004/000030.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da execución do programa de apoio psicolóxico a menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade (Servizo de Igualdade), exp. con ref. 2023/C003/000002.

Do mesmo xeito, acórdase a contratación das obras de renovación da capa de rodadura na Avenida das Américas, exp. ref. 2023/C002/000002.

Así mesmo, acórdase a contratación da subministración de 54 traxes de rescate técnico para o persoal do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Excmo. Concello de Lugo, exp. con ref. 2023/C004/000003.

Acórdase a prórroga do contrato dende o 17/9/2023 ata o 16/9/20212. contratación do Servizo de Vixilancia do Parque da Milagrosa (Lugo), exp. ref. 2021-C003-0000124.

Acórdase a resolución do contrato na contratación da adquisición dun cinemómetro para a medición da velocidade dos vehículos en circulación, para a utilización da policía local, dentro da estratexia de desenvolvemento urbano sustentable e integrado Edusi) "Muramiñae: de la Muralla al Miño", cofinanciable nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo plurirrexional de España Feder 2014-2020, exp. ref. 2023/C004/000013.

Acórdas e adxudicación na concesión demanial de postos de venda no mercado de Quiroga Ballesteros e na praza municipal do Concello de Lugo, exp. ref. 2023/C012/000001.

Tamén se acorda a contratación dos seguros de vehículos e maquinaria (lote 3), 2ª prórroga do contrato 2023-2024, exp. 2021/C003/000003.

Acórdase a adxudicación na contratación das obras de reurbanización da rúa Isaac Díaz Pardo (Treito Avelino Pousa Antelo-Cidade de Viveiro), exp. ref. 2023/C002/000004.

Tamén se acorda a terceira e derradeira prórroga do contrato dende o 06-09-2023 ata o 05-09-2024 na contrato administrativo correspondente á contratación do servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada, así como da vixilancia da saúde, exp. ref. 2019-012. Tecol 2021/C003/000029.

Acórdase a declaración de deserto do lote 2 e 3 na contratación mediante lotes da subministración de tres vehículos para o parque móbil, exp. con ref. 2023/C004/000018.

Tamén se acorda a rectificación do prego técnico para a contratación da subministración, instalación e mantemento de dispositivos de electrónica de rede para o Concello de Lugo dentro da estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño, código de proxecto: 16DUSI001 incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%, exp. ref. 2023/C004/000020.

Acórdase a adxudicación na contratación do servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona sur e oeste da zona rural do Concello de Lugo, exp. ref. 2023/C003/000025.

Acórdase a retroacción do expediente e concesión de trámite de audiencia no expediente de dación de conta da resolución número 112/2023 do tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia que

estima parcialmente o recurso especial en materia de contratación núm. 103/2023, interposto contra o acordo da xunta de goberno local núm. 8/231 de adxudicación do contrato, exp. ref. 2022/C003/000037.

Acórdase a adxudicación na contratación da subministración e instalación de conxunto escultórico para situar no parque da lembranza conforme o deseño facilitado polo Concello de Lugo, exp. ref. 2023-C004-000015.

Acórdase a adxudicación na contratación da prestación do servizo de xestión e atención ao público da oficina municipal de turismo, das salas museísticas municipais “Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), Casa dos Mosaicos, Sala de Exposicións Porta Miñá e Centro Arqueolóxico de San Roque” e o Punto de Información Turística de Verán, exp. ref. 2023/C003/000016.

4. FOMENTO.- Acórdase a aprobación de Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Lugo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística de Lugo... Et Edendo Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía; no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Nextgenerationeu.

Tamén se acorda o Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para colaborar no financiamento da organización da Gala Lucus moda atlántica e a feira de arte San Froilán dentro da programación de Lugo, capital da cultura, anualidade 2023.

Así mesmo acórdase a aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de actividades culturais 2023.

Do mesmo, xeito acordase o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Empresa Albia Gestión de Servicios, S.L.U., para a plantación/reforestación da parcela municipal con referencia catastral 6135602PH1663n0001DP.

Acórdase o Convenio para a colaboración en accións de defensa e prevención de incendios forestais, exp. 1082/2023.

5. PERSOAL.- Acórdase a aprobación da implantación dun sistema interno de información canle de denuncias no Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

6. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aceptación e formalización de novos contratos de alugamento de sete locais de negocio (situados no Barrio da Tinería) co Instituto Galego da Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.